

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de decembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a toma razón da sentenza firme nº 174/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Lugo, no recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 158/2020, en relación coa licenza urbanística para reestructuración de edificio na rúa da Raíña, número 10.- (expte: 323/2017) (2021/G004/000970).

Así mesmo, acórdase denegar a licenza urbanística para rehabilitación e ampliación en planta baixa e alta de vivenda unifamiliar, no núcleo rural tradicional de Portiño-Galegos de Arriba, parroquia de Castelo-Santiago de Afora. (Expte: 2020/Y001/000319).

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para substitución de cuberta por forxado unidireccional para execución de terraza, na rúa Tres Marías, número 8. (Expte: 2021/Y001/0000241) e para a realización de obras no Atrio da Catedral, Praza Santa María. (Expte: 2021/Y001/000045).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para legalización das modificacións realizadas, en execución das obras con licenza outorgada nº 705/16, na rúa Bolaño Rivadeneira, números 12-14. (Expte: 2020/Y001/000237).

2. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar a solicitude interesando a revisión de oficio dos actos de execución do planeamento e urbanización aprobados por este Concello no seo da Unidade de Actuación Norte-16 (URPI-20 do PXOM vixente).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5875644429931725879.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-12-2021

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación dos lotes 1, 2 e 4 e a declaración de deserto dos lotes 3, 5 e 6 no expediente de contratación -mediante seis lotes- dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do parque móbil municipal de Lugo. Expte ref 2021-C003-000034.

Tamén se acorda a prórroga do contrato dende o 2/12/2021 ata o 1/12/2022 no expediente do servizo de coordinación de seguridade e saúde no contrato de "servizo de mantemento, conservación e reparacións das instalacións, infraestructuras e construcións rurais singulares e patrimoniais no ámbito rural do Concello de Lugo". Exp. ref. 2020-C003-000053.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento como funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de policía local, grupo de titulación: grupo C; subgrupo C1; escala, básica; categoría, policía.

Tamén se acorda a resolución recurso interposto fronte ao Decreto 3520/2021 procedemento disciplinario.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

5. MULLER E IGUALDADE.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto fronte ao decreto 6649/2021 de data 5 de agosto de 2021, polo que se resolve deixar sen efecto a concesión de subvención de concorrencia (convocatoria 2020), por non presentar a documentación xustificativa nos prazos establecidos.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. CULTURA.- Acórdase a aprobación do convenio regulador de subvención de carácter nominativo a Universidade de Santiago de Compostela (USC), por importe de 20.000 € para a realización da actividade: "Lugo Cultural".

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.